


DESPOIS DA VISITA

Ao final da xornada, entenderei que somos unha especie máis no planeta e que entre todos debemos coidar e respectar a natureza porque... ela non precisa de nós pero sin ela nós non podemos vivir!



arenaria

T. 633 335 463 • 608 98 92 58

Calle del Carmen, 24
C.P. 15900 PADRÓN (A Coruña)

info@arenariacoordinacion.com

www.arenariacoordinacion.com



“Imos ao Parque
Nacional con Arenaria”

arenaria



ANTES DA VISITA

1 - Podo levar unha libreta e un lapis para facer anotacións ou debuxos das especies que atopemos... a base da investigación científica é a observación!

2 - Aínda que o día estea nublado, non debo esquecer a protección solar: o sol sempre está aí e debo protexer a pel en todo momento.

3 - Na miña mochila, levo una bolsa para o lixo xa que nas illas non debo deixar nada que non pertenza á illa. E canto menos plástico leve na miña mochila, mellor, porque así terei menos lixo para a volta a casa.

4 - Levo roupa e calzado cómodos e axeitados ás actividades que imos facer. ¡Non me olvido da gorra para protexer a cabeza! E aínda que pense que vai calor, no barco sopra o vento, e un suadoiro nunca sobra.

5 - Ante todo vou desfrutar e aprender! Agudizarei o meu olfato, fixareime nas cores e nas paisaxes e escoitarei os verdadeiros sons da natureza.



DURANTE A VISITA

7 - Desfruto sen berrar para non molestar nin aos animais nin ao resto de visitantes. Somos convidados na illa, os verdadeiros habitantes son a flora e a fauna!. Se queremos desfrutar deles debemos facelo observando sen localos nin asustalos. Senón, vanse esconder de nós!

8 - A auga nas illas non é apta para o consumo humano, e a pouca que hai é para os seres vivos da illa. Debo levar a miña propia auga (mellor nunha cantimplora que botella de plástico) e non malgastala.

9 - Podo recoller o lixo que vexa na praia ou nalgún dos sendeiros, aínda que non sexa meu nin do meu grupo. Métoo na miña bolsa e volverá á casa connigo. Así todos e cada un de nós colaboramos na protección e conservación deste espazo protexido.

10 - Todo o que vai, volve! E o que está nas illas, fica nas illas! Todo ten a súa función, por moi pequeno que sexa, así que para non esquecerme desta gran aventura podo facer fotos, tomar notas ou incluso debuxar! (así empezou Darwin!). As cunchas, por exemplo, cumpren a función principal de formar a area.

11 - Escoito as explicacións dos guías para aprender sobre as curiosidades da illa e do Parque Nacional. Pregunto todas as dúbidas que me xordan, este é o meu momento!

12 - Xa sei que non debo saírme dos sendeiros marcados nin, por suposto, subirme ás rochas, pisotear zona de dunas ou trepar nos bordes dos cantís!

